




PROGRAMACIÓN GRUPO A (Xaneiro – marzo 2013)

Las uvas de la ira, de John Steinbeck

Forzados pola seca e o acoso dos bancos, os Joad, unha familia de granxeiros da Oklahoma empobrecida dos anos trinta, emprenden un angustioso éxodo ao longo da estrada 66 coa intención de atopar unha vida digna en California. No camiño só encontran miseria, fame, hostilidade, alí por onde pasan... Nada nen ninguén fará que abandonen o seu afán.

Información tomada do resumo editorial



El sentido de un final, de Julian Barnes

Tony Webster e a súa pandilla coñeceron a Adrian no instituto. Famentos de sexo e literatura, atravesaron xuntos a adolescencia e prometéronse seguir sendo amigos para sempre. Pero cando a vida de Adrian deu un envorco trágico, todos, especialmente Tony, miraron cara a outro lado, afastáronse.

Información tomada do resumo editorial.

A pensión Eva, de Andrea Camilleri

Camilleri abandona temporalmente ao personaxe do inspector Montalbano e entrega unha novela sobre a infancia e a adolescencia na Sicilia da 2ª Guerra Mundial onde os cuartos da Pensión Eva, na vila de Vigatà, convértense en refuxio dos seus habitantes. Esa estraña "pensión" é unha presenza misteriosa para Nenè, un rapaz que, ata que logra penetrar na casa, non esperta á vida completamente.

Información tomada do resumo editorial.



La catedral, de Vicente Blasco Ibáñez

Segunda das súas novelas sociais ou de rebeldía. En plena crise do 1898, cuxa espoleta quedara identificada no Desastre cubano, o autor levantino bota o resto e destila con furor todas as ideas e peripecias que o seu longo compromiso político acumulara ata forxar unha actitude persoal sustentada sobre dous alicerces básicos: republicanismo e anticlericalismo.

Información tomada do resumo editorial.

Xente ao lonxe, de Eduardo Blanco Amor

Froito dun excepcional alento anovador, "Xente ao lonxe" ensambla un amplo abano de tipos humanos e historias entrecruzadas e relatadas con eficaz técnica expresionista. Un ambicioso experimento literario no que se combinan 170 personaxes cunha concepción cinematográfica do relato. Alegato en favor dos desherdados, "Xente ao lonxe" é unha novela total na que se reconstrúe un universo e un tempo.

Información tomada do resumo editorial.

